

## **LATÍN II**

### **OPCIÓN A**

**1.-TRADUCCIÓN** (cualificarase entre 0 e 6 puntos): tradúzase o seguinte texto:

**TRADUCCIÓN** (se calificará entre 0 y 6 puntos): tradúzcase el texto siguiente:

*Escipión Africano vence a Aníbal na batalla de Zama / Escipión Africano vence a Aníbal en la batalla de Zama.*

Interea proelium ab utroque duce instructum est. Scipio victor recedit, paene ipso Hannibale capto, qui primum cum multis equitibus, postremo cum quattuor evasit. Scipio Romam rediit, ingenti gloria triumphavit atque Africanus ex eo appellatus est.

Scipio -onis *m.* *Escipión (xeneral/general romano).*

Hannibal -alis *m.* *Aníbal (xeneral cartaxinés / general cartaginés).*

**2.- GRAMÁTICA** (cualificarase entre 0 e 1 punto): explíquese morfolóxica e sintacticamente o fragmento subliñado no texto latino.

**GRAMÁTICA** (se calificará entre 0 y 1 punto): explíquese morfolóxica y sintácticamente el fragmento subrayado en el texto latino.

**3.- LITERATURA** (cualificarase entre 0 e 1'5 puntos): **respóndase a unha** das dúas seguintes cuestións:

**LITERATURA** (se calificará entre 0 y 1'5 puntos): **respóndase a una** de las dos siguientes cuestiones:

1) Tipos de discursos escritos por Cicerón e algunhas obras representativas / Tipos de discursos escritos por Cicerón y algunas obras representativas.

2) Principais características da poesía lírica de Horacio / Principales características de la poesía lírica de Horacio.

**4.- MUNDO CLÁSICO** (cualificarase entre 0 e 1'5 puntos: 0'75 cada cuestión): **respóndase a dúas** das seguintes catro cuestións:

**MUNDO CLÁSICO** (se calificará entre 0 y 1'5 puntos: 0'75 cada cuestión): **respóndase a dos** de las siguientes cuatro cuestiones:

1) Explíquese o significado das expresións seguintes / Explíquese el significado de las expresiones siguientes: "**cursus honorum**", "**gratis et amore**", "**verba volant**".

2) Explíquese o significado dos seguintes topónimos / Explíquese el significado de los siguientes topónimos: "Bembibre", "Lavacolla", "Vilalba".

3) Sinálese o prefixo e explíquese qué significado achega nas seguintes palabras / Señálese el prefijo y explíquese qué significado aporta en las siguientes palabras: "adxuntar/adjuntar", "intravenoso", "suburbano".

4) Resúmase brevemente o argumento da comedia de Plauto estudada ou da película *Golfus de Roma* / Resúmase brevemente el argumento de la comedia de Plauto estudiada o de la película *Golfus de Roma*.

## **LATÍN II**

### **OPCIÓN B**

**1.- TRADUCCIÓN** (cualificarase entre 0 e 6 puntos): tradúzase o seguinte texto:

**TRADUCCIÓN** (se calificará entre 0 y 6 puntos): tradúzcase el texto siguiente:

*O lobo e a raposa baixo o xuízo dun mono / El lobo y la zorra bajo el juicio de un mono.*

Lupus arguebat vulpem furti crimine;  
negabat illa se esse culpae noxiam.  
Tunc iudex inter illos sedit simius.  
Uterque causam cum perorassent suam,  
dixit simius sententiam.

**2.- GRAMÁTICA** (cualificarase entre 0 e 1 punto): explíquese morfolóxica e sintacticamente o fragmento subliñado no texto latino.

**GRAMÁTICA** (se calificará entre 0 y 1 punto): explíquese morfolóxica y sintácticamente el fragmento subrayado en el texto latino.

**3.- LITERATURA** (cualificarase entre 0 e 1'5 puntos): **respóndase a unha** das dúas seguintes cuestións:

**LITERATURA** (se calificará entre 0 y 1'5 puntos): **respóndase a una** de las dos siguientes cuestiones:

- 1) Tipos de discursos escritos por Cicerón e algunhas obras representativas / Tipos de discursos escritos por Cicerón y algunas obras representativas.
- 2) Principais características da poesía lírica de Horacio / Principales características de la poesía lírica de Horacio.

**4.- MUNDO CLÁSICO** (cualificarase entre 0 e 1'5 puntos: 0'75 cada cuestión): **respóndase a dúas** das seguintes catro cuestións:

**MUNDO CLÁSICO** (se calificará entre 0 y 1'5 puntos: 0'75 cada cuestión): **respóndase a dos** de las siguientes cuatro cuestiones:

- 1) Explíquese o significado das expresións seguintes / Explíquese el significado de las expresiones siguientes: "**cursus honorum**", "**gratis et amore**", "**verba volant**".
- 2) Explíquese o significado dos seguintes topónimos / Explíquese el significado de los siguientes topónimos: "Bembibre", "Lavacolla", "Vilalba".
- 3) Sinálese o prefixo e explíquese que significado achega nas seguintes palabras / Señálese el prefijo y explíquese qué significado aporta en las siguientes palabras: "adxuntar/adjuntar", "intravenoso", "suburbano".
- 4) Resúmase brevemente o argumento da comedia de Plauto estudada ou da película *Golfus de Roma* / Resúmase brevemente el argumento de la comedia de Plauto estudiada o de la película *Golfus de Roma*.

## **LATÍN II**

### **OPCIÓN A**

**1.- TRADUCCIÓN** (calificarase entre 0 e 6 puntos): tradúzase o seguinte texto:

**TRADUCCIÓN** (se calificará entre 0 y 6 puntos): tradúzcase el texto siguiente:

*Os romanos repelen a invasión dos galos / Los romanos repelen la invasión de los galos*

Titus Quintius dictator adversus Gallos, qui ad Italiam venerant, missus est. Hi ab urbe quarto miliario trans Anienem fluvium consederant. Ibi nobilissimus iuvenis Lucius Manlius provocantem Gallum, ad singulare certamen progressus, occidit. Galli fugati sunt.

Anien –enis m. Anio (río afluente do/del Tíber).

**2.- GRAMÁTICA** (calificarase entre 0 e 1 punto): explíquese morfolóxica e sintacticamente o fragmento subliñado no texto latino.

**GRAMÁTICA** (se calificará entre 0 y 1 punto): explíquese morfolóxica y sintácticamente el fragmento subrayado en el texto latino.

**3.- LITERATURA** (calificarase entre 0 e 1'5 puntos): **respóndase unha** das dúas seguintes cuestións:

**LITERATURA** (se calificará entre 0 y 1'5 puntos): **respóndase a una** de las dos siguientes cuestiones:

1) Principais características da *Eneida* de Virxilio / Principales características de la *Eneida* de Virgilio.

2) Principais discursos de Cicerón / Principales discursos de Cicerón.

**4.- MUNDO CLÁSICO** (calificarase entre 0 e 1'5 puntos: 0'75 cada cuestión): **respóndanse dúas** das seguintes catro cuestións:

**MUNDO CLÁSICO** (se calificará entre 0 y 1'5 puntos: 0'75 cada cuestión): **respóndase a dos** de las siguientes cuatro cuestiones:

1) Explíquese o significado das expresións seguintes / Explíquese el significado de las expresiones siguientes: "**carpe diem**", "**editio princeps**", "**sub iudice**".

2) Explíquese o significado dos seguintes topónimos / Explíquese el significado de los siguientes topónimos: "A Estrada", "Ourense", "Vilachá".

3) Sinálese o prefixo e explíquese que significado achega nas seguintes palabras / Señálese el prefijo y explíquese qué significado aporta en las siguientes palabras: "anticiclón", "contraproducente", "subestimar".

4) Descríbanse brevemente os tres personaxes principais da comedia de Plauto estudada ou da película *Golfus de Roma* / Descríbanse brevemente los tres personajes principales de la comedia de Plauto estudiada o de la película *Golfus de Roma*.

## LATÍN II

## OPCIÓN B

**1.- TRADUCCIÓN** (cualificarse entre 0 e 6 puntos): tradúzase o seguinte texto:  
**TRADUCCIÓN** (se calificará entre 0 y 6 puntos): tradúzcase el texto siguiente:

*A aguia, a gata e a porca brava / El águila, la gata y la jabalina*

Aquila in sublimi quercu nidum fecerat;  
feles cavernam nancta in media pepererat;  
 Sus nemoris cultrix fetum ad imam posuerat.  
 Tum fortuitum feles contubernium  
 fraude et scelestas evertit malitia.

nanciscor -i nactus *tr. encontrar*

**2.- GRAMÁTICA** (cualificarse entre 0 e 1 punto): explíquese morfolóxica e sintacticamente o fragmento subliñado no texto latino.

**GRAMÁTICA** (se calificará entre 0 y 1 punto): explíquese morfolóxica y sintacticamente el fragmento subrayado en el texto latino.

**3.- LITERATURA** (cualificarse entre 0 e 1'5 puntos): **respóndase unha** das dúas seguintes cuestións:

**LITERATURA** (se calificará entre 0 y 1'5 puntos): **respóndase a una** de las dos siguientes cuestiones:

1) Principais características da *Eneida* de Virxilio / Principales características de la *Eneida* de Virgilio.

2) Principais discursos de Cicerón / Principales discursos de Cicerón.

**4.- MUNDO CLÁSICO** (cualificarse entre 0 e 1'5 puntos: 0'75 cada cuestión): **respóndanse dúas** das seguintes catro cuestións:

**MUNDO CLÁSICO** (se calificará entre 0 y 1'5 puntos: 0'75 cada cuestión): **respóndase a dos** de las siguientes cuatro cuestiones:

1) Explíquese o significado das expresións seguintes / Explíquese el significado de las expresiones siguientes: "**carpe diem**", "**editio princeps**", "**sub iudice**".

2) Explíquese o significado dos seguintes topónimos / Explíquese el significado de los siguientes topónimos: "A Estrada", "Ourense", "Vilachá".

3) Sinálese o prefixo e explíquese que significado achega nas seguintes palabras / Señálese el prefijo y explíquese qué significado aporta en las siguientes palabras: "anticiclón", "contraproducente", "subestimar".

4) Descríbanse brevemente os tres personaxes principais da comedia de Plauto estudada ou da película *Golfus de Roma* / Descríbanse brevemente los tres personajes principales de la comedia de Plauto estudiada o de la película *Golfus de Roma*.

## CONVOCATORIA DE XUÑO

1.- TRADUCIÓN. Será cualificada entre cero (0) e seis (6) puntos. Pídese e valórase exclusivamente unha tradución do texto latino ao galego ou ao castelán. Terase en conta a exactitude e precisión no contido e a corrección do resultado na lingua de destino.

Unha posible tradución dos textos propostos é a seguinte:

OPCIÓN A (Eutropio, 3, 23):

"Mentres tanto foi emprendido un combate por ambos os xenerais. Escipión retírase vencedor, tras case ser capturado o propio Aníbal, o cal escapou ao principio con moitos xinetes e por último con catro.

Escipión regresou a Roma, celebrou o triunfo con gran gloria e a partir diso foi chamado o Africano".

OPCIÓN B (Fedro, 1, 10):

"Un lobo acusaba a unha raposa dun delito de roubo;

dicía ela que non era culpable.

Entón como xuíz entre eles actuou un mono.

Despois de que ambas as partes expuxeron a súa causa,

ditou o mono sentenza".

2.- GRAMÁTICA. Será cualificada entre cero (0) e un (1) punto. Valorarase que se expliquen correctamente todas as unidades morfolóxicas do fragmento subliñado no texto latino, as estruturas sintácticas nas que se organizan e as funcións sintácticas que desempeñan nesas estruturas. Considerarase válido calquera método de análise correcto.

Esta é unha posibilidade de análise:

OPCIÓN A:

*Scipio victor recedit*: oración principal integrada por:

*Scipio*: substantivo masculino, nominativo singular, Suxeito.

*victor*: adxectivo masculino, nominativo singular, Complemento Predicativo do Suxeito.

*recedit*: verbo, terceira persoa singular do presente de indicativo en voz activa, Predicado.

*paene ipso Hannibale capto*: estrutura de ablativo absoluto integrada por:

*paene*: adverbio que complementa ao participio *capto*.

*ipso*: adxectivo fórico en ablativo masculino singular, Modificador de *Hannibale*.

*Hannibale*: substantivo masculino en ablativo singular, Suxeito de *capto*.

*capto*: participio de perfecto do verbo *capio* en ablativo masculino singular.

OPCIÓN B

*negabat illa*: oración principal integrada por:

*negabat*: verbo, terceira persoa singular do pretérito imperfecto de indicativo en voz activa, Predicado.

*illa*: pronome demostrativo, feminino, nominativo singular, Suxeito.

*se esse culpae noxiam*: oración subordinada completiva de infinitivo, Complemento Directo da oración principal; está integrada por:

*se*: pronome reflexivo de terceira persoa en acusativo singular, Suxeito do infinitivo.

*esse*: infinitivo presente do verbo *sum*, Predicado.

*culpae*: substantivo feminino, xenitivo singular, Modificador de *noxiam*.

*noxiam*: adxectivo feminino, acusativo singular, Atributo.

3.- LITERATURA. Será cualificada entre cero (0) e un e medio (1'5) puntos. Hai que responder a unha soa das dúas preguntas propostas, polo que se algún alumno/a responde ás dúas, terase unicamente en conta a que desenvolva en primeiro lugar. Valorarase a exactitude, cantidade e calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e a claridade e corrección da exposición.

Na primeira pregunta débese responder que tipos de discursos escribiu Cicerón (xudiciais de acusación ou defensa e deliberativos-políticos), que características definen cada un deses tipos (función-intención,

# Criterios de Avaliación / Corrección

contidos, forma etc.), e citar algún título representativo de cada tipo (non é necesario citar máis de dúas obras de cada tipo).

Na segunda pregunta débense explicar as principais características que definen os poemas líricos de Horacio (*Odas* e *Épodos*; non se esixe ser totalmente exhaustivos): temas, modelos, forma, lingua-estilo etc.

4.- MUNDO CLÁSICO. Cualificarase entre cero (0) e un e medio (1'5) puntos, correspondendo 0'75 puntos a cada unha das dúas cuestións que hai que responder entre as catro propostas; se algún alumno/a responde a máis de dúas cuestións, tomaranse en consideración soamente as dúas que presente primeiro. Valorarase a explicación precisa e clara de cada aspecto concreto preguntado.

1) *Cursus honorum*: "carreira de honores", "carreira de cargos políticos", "carreira política" na antiga Roma. *Gratis et amore*: "gratis e por amor", "sen cobrar nada e por simple gusto". *Verba volant*: "as palabras voan", "as palabras lévaas o vento, son efémeras e non queda constancia delas".

2) "Bembibre": de *Bene vivere*, "lugar bo para vivir". "Lavacolla": unha interpretación fai proceder o topónimo de *Lava colea*, "lava os testículos", aludindo ao feito de lavar o corpo, para purificarse, antes de entrar en Compostela; cabe tamén a interpretación que o fai derivar de \**Nava+colla*, facendo referencia a unha depresión pola que corre un río e a "altura" ou "outeiro" (calquera das dúas explicacións darase por correcta). "Vilalba": de *Vilam albam*, "Vila branca".

3) "Adxuntar/adjuntar": "xuntar, unir a algo"; o prefixo "ad-", achega o significado de "dirección cara a", "aproximación". "Intravenoso": "dentro das veas"; o prefixo "intra-" achega o significado de "dentro", "no interior". "Suburbano": "por debaixo da cidade", "fóra da cidade e próximo a ela"; o prefixo "sub-" achega o significado de "debaxo de", "en situación de inferioridade".

4) Débese resumir brevemente o argumento ou a historia de calquera das comedias de Plauto lidas (*Aulularia* ou *Casina*) ou da película *Golfus de Roma*.

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

1.- TRADUCIÓN. Será cualificada entre cero (0) e seis (6) puntos. Pídese e valórase exclusivamente unha tradución do texto latino ao galego ou ao castelán. Terase en conta a exactitude e precisión no contido e a corrección do resultado na lingua de destino.

Unha posible tradución dos textos propostos é a seguinte:

OPCIÓN A (Eutropio, 2, 5):

"Tito Quincio como ditador foi enviado contra os galos, que chegaran a Italia. Estes asentáranse a catro millas da cidade ao outro lado do río Anio. Alí o moi nobre mozo Lucio Manlio, enfrontándose en combate singular, matou un galo que o retaba. Os galos foron postos en fuxida".

OPCIÓN B (Fedro, 2, 4):

"Unha aguia na cima dunha aciñeira fixera o niño;  
unha gata atopara un furado e parira na parte media;  
unha porca brava, habitante do bosque, xunto á parte inferior puxera a camada.  
Entón a gata destruíu a fortuíta cohabitación con engano e criminal maldade".

2.- GRAMÁTICA. Será cualificada entre cero (0) e un (1) punto. Valorarase que se expliquen correctamente todas as unidades morfolóxicas do fragmento subliñado no texto latino, as estruturas sintácticas nas que se organizan e as funcións sintácticas que desempeñan nesas estruturas. Considerarase válido calquera método de análise correcta.

Esta é unha posibilidade de análise (con enfoque tradicional):

OPCIÓN A:

*qui ad Italiam véperant*: oración subordinada de relativo integrada por:

# Criterios de Avaliación / Corrección

*qui*: pronome relativo, nominativo masculino plural (o antecedente é *Gallos*), Suxeito da súa oración.

*ad Italiam*: sintagma preposicional integrado pola preposición *ad* e o substantivo feminino en acusativo singular *Italiam*, Complemento Circunstancial de lugar a onde.

*vererant*: verbo (*venio*), terceira persoa plural do pretérito pluscuamperfecto de indicativo en voz activa, Predicado.

*missus est*: é o Predicado da oración principal, verbo (*mitto*) en terceira persoa singular do pretérito perfecto de indicativo en voz pasiva.

## OPCIÓN B

Unha oración simple integrada por:

*feles*: substantivo feminino, nominativo singular, Suxeito.

*cavernam*: substantivo feminino, acusativo singular, Complemento Directo de *nancta*.

*nancta*: participio de perfecto (verbo *nanciscor*), que modifica ao substantivo *feles* e concorda con el en xénero, número e caso.

*in media*: sintagma preposicional integrado pola preposición *in* e o adxectivo feminino en ablativo singular *media* (sobrenténdese o substantivo *quercu*), Complemento Circunstancial de lugar onde.

*pepererat*: verbo (*pario*), terceira persoa singular do pretérito pluscuamperfecto de indicativo en voz activa, Predicado.

3.- LITERATURA. Será cualificada entre cero (0) e un e medio (1'5) puntos. Hai que responder a unha soa das dúas preguntas propostas, polo que, se algún alumno/-a responde ás dúas, se terá unicamente en conta a que desenvolva en primeiro lugar. Valorarase a exactitude, cantidade (aínda que non se esixe ser exhaustivo) e calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e a claridade e corrección da exposición.

1) Débense expoñer resumidas as principais características dun poema épico como a *Eneida*: contido, estrutura, personaxes, forma métrica, lingua-estilo, intención etc.

2) Débense citar algúns dos principais discursos de Cicerón (non é necesario mencionar máis de cinco) e expoñer algunha característica de cada un deles (contido, tipo etc.).

4.- MUNDO CLÁSICO. Cualificarase entre cero (0) e un e medio (1'5) puntos, correspondendo 0'75 puntos a cada unha das dúas cuestións que hai que responder entre as catro propostas; se algún alumno/-a responde a máis de dúas cuestións, tomaranse en consideración soamente as dúas que presente primeiro. Valorarase a explicación precisa e clara de cada aspecto concreto preguntado.

1) *Carpe diem*: "goza do día de hoxe", "aproveita o momento presente". *Editio princeps*: "edición primeira", "a primeira edición impresa dunha obra". *Sub iudice*: "baixo xuíz", "sometido á decisión dun xuíz e pendente da súa resolución".

2) Se hai máis dunha interpretación posible para un topónimo, calquera delas darase por válida. "A Estrada": de (*via*) *strata*, "vía ou camiño empedrado" e de aí "estrada", "calzada", ou quizais xa do propio participio galego "estrada", do verbo "estrar" ("cubrir de estrume"), co que se aludiría á maneira de preparar as corredoiras. "Ourense": de *Auriense*, topónimo que alude á presenza ou explotación de ouro, *aurum*. "Vilachá": de *Vilam planam*, "Vila chá", "Vila situada en lugar chan".

3) "Anticiclón": "estado de altas presións da atmosfera oposto ao ciclón ou ás baixas presións"; o prefixo é "anti-" e achega o significado de "contra", "oposto a". "Contraproducente": "que produce efectos contrarios aos que se pretende"; o prefixo "contra-" achega o significado de "contrario", "oposto". "Subestimar": "estimar algo por debaixo do seu valor ou importancia"; o prefixo "sub-" achega o valor de "baixo", "por debaixo".

4) Hai que describir con brevidade os tres personaxes que se consideren principais en calquera das dúas comedias de Plauto propostas para lectura (*Aulularia* ou *Casina*) ou na película *Golfus de Roma*.